

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

5 de setembro de 2024

Duración:

Desde as 20:35 ata as 22:48 horas

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernandez Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
52470783D	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
44089250K	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
76864295C	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
44091707V	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
44091500V	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
76866604Y	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
76869622B	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
44455084V	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
44093720Y	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
76871181Y	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
52472335C	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

33295398T	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
35440840W	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	NON
76865768K	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76827271A	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Inteventora)	NON
76865922Z	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
44091934Z	RICARDO CASTRO CAMBA	SÍ
44091955N	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
45872302K	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE AGOSTO DE 2024

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de agosto de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 5282/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o Decreto nº 171/2024, de 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025, publicado no DOG nº 143 de 24/07/2024.

Vista a comunicación da Área de Relacións Laborais do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibida neste Concello con data 30/07/2024 (registro de entrada 2024-E-RC-8986), pola que se solicita a remisión do acordo de determinación dos Festivos Locais para o ano 2025 deste Concello antes do 30 de setembro do ano en curso.

Vistos os pronunciamentos feitos pola Mesa Local de Comercio e polo Consello Económico

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Social nas súas sesións do 22/08/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1663 de 23 de agosto de 2024.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 29/08/2024.

Unha vez debatido sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2025, os días 26 e 27 de xuño (coincidentes coas festas patronais “San Paio”) .

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Área de Relacións Laborais do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Expediente 5686/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESÍDUOS	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 12, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción presentada con data 21/08/2024 (registro de entrada 2024-E-CIF-1) polo grupo municipal do BNG, que se transcribe literalmente de seguido:

“O Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e coincineración de residuos, artículase como un tributo de carácter indirecto que recae sobre os residuos que se tratan mediante estas operacións de xestión, e xa está vixente en varias Comunidades Autónomas desde hai anos.

Configúrase como imposto estatal aplicable en todo o estado español, estando prevista a cesión do mesmo ás Comunidades Autónomas mediante a adopción dos correspondentes acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, a cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, -no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a medidas de mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibles.





A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coíncineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza tense previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 de euros.

Conforme ao establecido no punto 1 do artigo 59 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais Galegos para o ano 2024, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da administración xeral, quedou establecida no 2,3200880% para o exercicio de 2024, sumando un total de 152.278.957 de euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. Mais a realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos 2024 o prezo por Tonelada a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024. Agora, xa máis de mediado o ano 2024, SOGAMA propón fixar un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os concellos, anunciou que a Xunta de Galiza achegará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/Tonelada de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.

Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento da compostaxe (que se considerou coma unha forma de valoración alternativa a pesar da oposición de moitas entidades locais), sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante





compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

Como consecuencia desta mala xestión, errada a moitos niveis, son os cidadáns os que van sufrir o aumento da taxa do lixo, que terá que subir, para así seguir respaldando un sistema de xestión de recursos que xa estaba desfasado cando veu a luz.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a:

a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano - e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto colector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliar e comunitaria.”

Visto o Ditame desfavorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 29/08/2024.

Resolución:

Unha vez debatida a moción, sométese a votación, sendo rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular e a favor dos votos dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE).

Expediente 5680/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO





MUNICIPAL DO BNG, POLA QUE PROPÓN A CREACIÓN DOS PREMIOS DE CIENCIA RAMÓN VEEA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción presentada con data 21/08/2024 (registro de entrada 2024-E-RCIB-1) polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego que se transcribe literalmente de seguido:

“Ramón Verea é un dos persoeiros máis relevantes a nivel mundial do noso Concello, anque non teña o debido recoñecemento, máis aló dun busto e unha placa xunto á igrexa de Curantes.

Este home, gran inventor, xornalista, escritor e enxeñeiro, goza de grande importancia mundial, xa que, ademais de outros grandes méritos, foi o inventor da primeira calculadora, que xa no S.XIX era capaz de facer automaticamente operacións aritméticas con números de ata 9 cifras. A primeira da súa clase.

Emigrou a Cuba con 22 anos, e alí comezou a súa carreira de escritor, inventor e xornalista. Alí publicou dous libros e patentou unha máquina para pregar xornais. Máis tarde, foise a New York, onde amais de traballar como tradutor, patentou a súa famosa máquina de calcular, a máis rápida da época.

El non pretendía cartos nin fama, só pretendía demostrar que non só os estadounidenses podían ser bos inventores. Así pois, foi na historia da computación onde máis pegada deixou, formando a súa máquina parte da colección de IBM.

Como xornalista, fundou dúas publicacións tamén en New York, que se financiaban sen publicidade, para así poder manter a súa independencia. Unha destas publicacións, a revista El Progreso, chegou a publicarse en máis de 20 países.

Como persoa, sempre defendeu a igualdade, xa sexa entre razas, entre mulleres e homes, ou entre cidadáns, defendendo unha postura antimonárquica, tendo que exiliarse finalmente a Guatemala por mor da súa postura anticolonialista.

Por outra banda, no Concello da Estrada contamos cunha ampla canteira de científicos e científicas, persoas de ciencia que moitas veces non están recoñecidas como deberían, e que ademais contan con serias dificultades para exercer a súa profesión, por mor, entre outras cousas, da falta de recursos económicos e das difíciles condicións de vida as que se enfrontan.

Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:

- 1. Creación dos Premios das Ciencias Ramón Verea, para poñer en valor a labor dunha das persoas máis relevantes do Concello.*
- 2. Dotar dunha asignación económica para os premios, para así recoñecer e facilitar o*





traballo das persoas estradenses que se adican á ciencia.

3. Proponer aos candidatos ou vencedores, e realización de charlas nos institutos e mesmo nos colexios, para así poñer facilitarlle á xuventude recoñecer a importancia do traballo científico, así como achegarlle a ciencia, para que deixen de velo como algo alleo.

4. Organizar, en colaboración coa FECYT, as Universidades, o CSIC e os centros de ensino, unha feira da ciencia no concello con actividades de exposición e divulgación de proxectos.”

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, na sesión celebrada o 29/08/2024.

Unha vez deliberado sobre o asunto, sométese a votación, sende adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- A creación dos Premios das Ciencias Ramón Verea, para poñer en valor a labor dunha das persoas máis relevantes do Concello.

Segundo.- Dotar dunha asignación económica para os premios, para así recoñecer e facilitar o traballo das persoas estradenses que se adican á ciencia.

Terceiro.- Os catro grupos políticos municipais se comprometen a traballar conxuntamente para o desenvolvemento da creación destes premios e do seu alcance, así como na elaboración das correspondentes Bases reguladoras.

Expediente 3229/2024. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 2, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na súa sesión do 18/07/2024, polo que se informaba favorablemente a Conta xeral do orzamento de 2023.





Transcorrido o período legal de exposición pública, anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº 147 de 30/07/2024, sen presentarse no prazo outorgado alegación ou suxestión ningunha sobre a dita conta, segundo a certificación emitida con data 26/08/2024 polo departamento municipal de Secretaría, previo informe do funcionario encargado do Rexistro municipal da mesma data.

Visto o disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1674, emitida con data 27/08/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Debatida a proposta, sométese a votación, adoptándose, polos votos a favor do grupo do Partido Popular as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE) e en contra do grupo do BNG, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2023.

Antes de pasar á parta de Actividade de Control o señor alcalde pregunta se algún dos grupos municipais quere presentar unha moción de urxencia. Non habendo, se continúa co disposto na Orde do Día:

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 2561/2024. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE RESUMO ANUAL DO CONTROL INTERNO 2023 E DOS ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS PRESENTADOS AO CONSELLO DE CONTAS 2023

Visto que, con data 26/08/2024, foi remitido polo departamento municipal de Intervención á Alcaldía-Presidencia o resultado do informe resumo anual do control interno 2023 e a relación de acordos contrarios aos reparos do exercicio económico 2023 presentados ante o Consello de Contas.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Vista a documentación que consta no expediente e, en virtude do establecido no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1676, emitida con data 27/08/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

DÁSE CONTA para coñecemento, análise e efectos oportunos da seguinte documentación:

1.- Do informe resumo anual do control interno 2023, rexistrado na IGAE o día 25/04/2024 co número de referencia INF-L01360176-2023-012746.

2.- Da relación de acordos contrarios aos reparos formulados pola Intervención municipal no exercicio 2023, remitidos ao Consello de Contas o día 21/05/2024, con número de rexistro 2024-E-RC-1114.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE XULLO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 31 de xullo de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-1092 ao número 2024-1226 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 30 DE AGOSTO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 30 de agosto de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-1227 ao número 2024-1330 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.



C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- Dña. Balbina Martínez Ramallal (DNI: 33262155-S)
- D. Ángel Amor Bergueiro González (DNI: 35469752-A)

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e corenta e oito minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/2024/09/12/pleno-concello-de-a-estrada-5-de-septiembre-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

5F23DB9A722E6177226593C4BCF705F46BD3A3FB1032E11B65FB94A4092F87EA

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

